

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

*Orde do 3 de decembro de 2003 pola que se clasifica como mixta a Fundación Galicia Innova.*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Galicia Innova*, con domicilio na Coruña.

Supostos de feito:

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña, o día vinteún de outubro de dous mil tres, ante o notario Manuel Martínez Reboledo, con número de protocolo mil oitocentos trinta e tres, por Julio Rodríguez Martín-Ferliche que intervéen en nome e representación da compañía mercantil *Ader Recursos Humanos Empresa de Trabajo Temporal, S.A.*, e por Edmundo Varela Lema, que intervéen en calidade de decano do Colegio Oficial de Peritos e Ingenieros Técnicos Industriales de A Coruña.

3. Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos o obxecto da fundación é a prestación de servizos a empresas, organismos públicos ou privados e demais entidades, ben directamente ou ben a través de empresas colaboradoras, cos seguintes obxectivos:

Fomenta-la innovación, a calidade, a xestión ambiental e as tecnoloxías da información, así como promover activamente a cooperación internacional, a busca de novos mercados e o comercio exterior.

Difundir, promover e executar accións de mellora da competitividade así como da investigación e o desenvolvemento.

Promove-lo desenvolvemento industrial a través da busca de alternativas eficaces para as empresas e a posta en marcha de accións de mellora en procesos industriais, nos polígonos industriais así como favorecer e promove-lo desenvolvemento de parques científicos, tecnolóxicos, ecoindustriais e ecoeficientes.

Promover accións de mellora da calidade dos servizos no ámbito da educación, da sanidade, dos asuntos sociais e do turismo

Fomenta-la adopción de medidas vinculadas ó desenvolvemento sustentable e á problemática da xestión dos residuos.

Promove-la inserción profesional, o emprego, o espírito de empresa, a adaptabilidade e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres a través da cooperación entre institucións, a cooperación transnacional, a capacitación e a formulación temática e de asociación.

Fortalece-la responsabilidade social corporativa das empresas a través do establecemento de códigos de conducta, achegas a programas sociais, contratación de persoal con munisvalidez, campañas formativas de carácter social, apoio á xestión de organizacións sociais e campañas de voluntariado.

Promove-la planificación estratéxica para empresas e administracións públicas como ferramenta de futuro e competitividade, así como a elaboración de informes vinculadas ós fins da fundación.

Favorece-las boas prácticas no ámbito do consumo así como dar cobertura legal en defensa dos dereitos e intereses dos consumidores e usuarios.

Favorecer e participar en proxectos de cooperación internacional con distintas institucións.

Incentivar medidas e accións tendentes á mellora do desenvolvemento directivo así como accións de mellora da motivación e rendemento profesional.

Promover accións de difusión e estudos sobre o cumprimento da lexislación en materia de seguridade industrial así como poñer en marcha cantas medidas sexan necesarias para mellora-la concienciación do empresario neste sentido.

Promove-lo cumprimento da normativa europea de seguridade en áreas de xogo infantil, así como poñer en marcha cantas medidas sexan necesarias para mellora-la concienciación neste sentido e calquera outra directiva comunitaria de interese para Galicia.

Convocar e celebrar congresos, xornadas, simposios e actos similares vinculados ós fins que persegue a fundación.

Contribuír á promoción e á difusión do Camiño de Santiago en tódolos seus ámbitos.

4. O padroado da fundación estará integrado por Edmundo Varela Lema como presidente, Manuel Galán Ganchegui como vicepresidente primeiro, Laureano Álvarez Torres como vicepresidente segun-

do, Juan Álvarez de Mon Pan de Soraluze como secretario, e Manuel López García como vocal.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías eleva ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como mixta da *Fundación Galicia Innova*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como mixta e a súa adscrición á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Fundamentos de dereito:

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola comisión de secretarios xerais na súa reunión do día 2 de decembro de 2003.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeneral aplicación.

Na súa virtude,

**DISPOÑO:**

Clasificar como mixta a *Fundación Galicia Innova* adscribíndoa á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2003.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia Relacións  
Institucionais e Administración Pública